



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDAD CATÓLICA DEL NORTE - CHILE E A CONSELLERÍA DO MAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DENOMINADO “ANÁLISIS DE RIESGO Y SISTEMA DE ALERTA TEMPRANA DE FLORACIONES ALGALES NOCIVAS PARA LA ACUICULTURA Y ÁREAS DE MANEJO EN EL NORTE DE CHILE”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade Católica do Norte-Chile, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio do proxecto de investigación ata que culmine o proxecto , e dicir 24 meses

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade do Norte para o desenvolvemento do proxecto de investigación denominado “Análisis de riesgo y sistema de alerta temprana de floraciones algales nocivas para la acuicultura y áreas de manejo en el norte de Chile”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía





Que o departamento de procesos oceanográficos costeiros do CIMA, presenta un longo percorrido investigando en materia de toxina nocivas presentes no cultivo e explotación de moluscos bivalvos mariños o que proveu á Comunidade Autónoma de Galicia dun coñecemento na materia de toxinas mariñas recoñecido a nivel mundial.

Que como consecuencia deste recoñecemento mundial organismos como a Universidade Católica del Norte (Chile) ven realizando diversos traballos de xeito conxunto coa área de procesos oceanográficos do CIMA dentro do marco do *Memorando de entendimiento de cooperación entre la Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de la Xunta de Galicia (España) y la Universidad Católica del Norte – Chile*, asinado o 6 de novembro de 2007

Que a Universidade Católica del Norte – Chile posúe unha comprobada potencialidade para o desenvolvemento destas actividades acuícolas.

Que este novo proxecto abre a oportunidade de cooperar cun país da América latina, permitindo identificar os riscos da presenza de toxinas mariñas nocivas na acuicultura chilena e establecer un sistema de alerta temperá destas floracións algales, a fin de conseguir minimizar os riscos para a saúde pública que representan estas microalgas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

